



**BOLSA DE PERSOAS
AUDITORAS**

2023

FADEMGA

Plena inclusión Galicia

Facilidades para executalas on line



FADEMGA



Vía Pasteur 53 A
Polígono do Tambre
15890 Santiago de Compostela
A Coruña

Que é a Bolsa de persoas auditoras de FADEMGA Plena inclusión Galicia?

Base de datos onde figuran os contactos de persoas auditoras internas de entidades federadas. Inscribíndose nesta bolsa, as persoas auditoras se poñen a disposición para auditar internamente outras entidades federadas e solicitan que os audite alguén da bolsa.

Para que?

- ◆ Cruzar auditorías fomentando o intercambio de coñecemento.
- ◆ Aprender do que se fai noutras entidades e identificar posibles melloras para cada entidade.
- ◆ Ensinar o que se fai en cada entidade e aportar melloras a outras entidades.

Como funciona?

Cada ano abrírase un prazo no que darse de alta na bolsa de persoas auditoras. Unha vez pechado, distribuiranse as auditorías en función de criterios de similitude entre servizos a auditar, proximidade das entidades e datas de auditorías externas.

Que compromisos asumo ó formar parte desta Bolsa?

- Ter rigor na realización da auditoría interna.
- Colaboración entre auditor/a e responsable de calidade.
- Aportar a documentación dos procesos a auditar con 15 días de antelación.
- Compromiso de confidencialidade/encargo de tratamento de datos de carácter persoal.
- Flexibilidade na planificación de datas e horarios das auditorías.
- Entrega do informe de auditoría interna no prazo de 15 días como máximo.
- Os custos derivados da auditoría serán asumidos pola entidade na que traballa o persoal que audita.

Como podo participar?

Cubrir e enviar antes do 27 de Xaneiro de 2023 os seguintes documentos a calidade@fademga.org :

1. A ficha de inscrición a Bolsa de persoas auditoras que servirá para saber quen se apunta e organizar o cruce de auditorías, e que consta dos seguintes datos:

- Datos persoais.
- Formación relativa a auditorías de calidade.
- Experiencia na realización de auditorías de calidade.
- Información referida á auditoría que se vai levar a cabo :
 - perfil de auditora esixido.
 - alcance do sistema de xestión.
 - duración e data da auditoría interna.
 - servizos e procesos a auditar.
 - data da auditoría externa.

2. O compromiso de participación na Bolsa de persoas auditoras de calidade FADEMGA Plena inclusión Galicia. Dito documento deberá ser asinado pola persoa que solicita formar parte da Bolsa, pola persoa que representa legalmente a entidade do profesional e polo presidente de FADEMGA Plena inclusión Galicia.

NOTA: No caso de ter cuberto o **compromiso de participación** en anos anteriores e que non mudaran as persoas asinantes, non sería necesario volver a cubri-lo.

Para aclarar dúbidas contactar con

Andrea ou Bibi

calidade@fademga.org

981 51 96 50

